

PLAN DE XESTIÓN INTEGRAL DA REMIP “RÍA DE CEDEIRA” 2022



INTRODUCCIÓN

1. OS DATOS XERAIS

1.1. Os obxectivos do Plan de xestión integral

1.2. A elaboración, aprobación e modificación do Plan de xestión integral

1.2.1. Elaboración e aprobación

1.2.2. Modificación

1.3. A vixencia do Plan de xestión integral

1.3.1. O órgano de xestión, seguimento e control

1.3.2. Composición e funcións

1.4. A coordinación da reserva e as súas funcións

2. A ORDENACIÓN NA REMIP “Ría de Cedeira”

2.1. A descrición do espazo: localización, delimitación e zonificación

2.2. Condicións de acceso, actividades permitidas e limitación de usos

2.3. Pesca marítima de recreo

2.4. Marisqueo a pé

2.4.1. Descrición e análise das zonas de extracción

2.4.2. Descrición das artes de marisqueo

2.4.3. Medidas de xestión por especies

2.4.3.1. Berberecho (*Cerastoderma edule*)

2.4.3.2. Cadelucha (*Donax trunculus*)

2.4.3.3. Ameixa Fina (*Ruditapes decussatus*)

2.4.3.4. Caramuxo (*Littorina littorea*)

2.4.3.5. Longueirón vello (*Solen marginatus*)

2.4.3.6. Ostra rizada (*Crassostrea gigas*)

2.4.3.7. Ameixa babosa (*Venerupis corrugata*)

2.4.4. Calendario de marisqueo

2.4.5. Resumo das medidas de xestión para os recursos marisqueiros na Remip “Ría de Cedeira”

2.5. Recursos específicos:

2.5.1. Descrición e análise das zonas de extracción:

2.5.2. Descrición das artes empregadas na extracción de recursos específicos

2.5.3. Medidas de xestión por especies:

2.5.3.1. Percebe (*Pollicipes pollicipes*)

2.5.3.2. Ourizo (*Paracentrotus lividus*)

2.5.3.3. Solénidos (*Ensis siliqua* e/ou *Solen marginatus*)

2.5.3.4. Anémona (*Anemonia sulcata*)

2.6. Pesca de baixura:

2.6.1. Descrición e análise das zonas de extracción

2.6.2. Descrición das artes de pesca artesanal

2.6.2.1. Artes de enmalle:

2.6.2.1.1. Medidas de xestión por especies:

2.6.2.1.1.1. Centola (*Maja brachydactyla*)

2.6.2.1.1.2. Xiba ou choco (*Sepia officinalis*)

2.6.2.1.1.3. Raia (*Raja* spp.)

2.6.2.1.1.4. Peixes planos

2.6.2.1.1.5. Peixes de rocha

2.6.2.2. Artes de anzol:

2.6.2.2.1. Medidas de xestión das principais pesqueiras capturadas con este arte:

2.6.2.2.1.1. Congro (*Conger conger*)

2.6.2.2.1.2. Peixes planos

2.6.2.2.1.3. Peixes de rocha

2.6.2.3. Nasas :

2.6.2.3.1. Medidas de xestión das principais pesqueiras capturadas con este arte:

2.6.2.3.1.1. Nécora (*Necora puber*)

2.6.2.3.1.2. Camarón (*Palaemon serratus*)

2.6.2.3.1.3. Patexo (*Polybius henslowii*)

2.6.2.3.1.4. Polbo (*Octopus vulgaris*)

2.6.3. Calendario de uso das artes de pesca permitidas.

2.6.4. Resumo das medidas de xestión para os recursos pesqueiros na Remip "Ría de Cedeira"

2.7. Regulación da flota: o censo de titulares habilitados para o exercicio da actividade no ámbito da Remip

3. O SEGUIMENTO, CONTROL E VIXILANCIA

3.1. O seguimento científico

3.2. As medidas de control na reserva

3.2.1. O control das entradas e saídas

3.2.2. O control das descargas

3.2.3. O protocolo do punto de control

3.3. A vixilancia na reserva : dotación e funcións

INTRODUCCIÓN.

As reservas mariñas de interese pesqueiro (Remip) constitúen unha ferramenta específica de xestión encamiñada a lograr unha explotación sustentable dos recursos de interese pesqueiro, establecendo medidas de protección específicas en áreas delimitadas de caladoiros tradicionais. Evidencias científicas amosan que este tipo de áreas mariñas protexidas non son tan só poderosas ferramentas para a conservación da diversidade biolóxica salvagardando a integridade dos ecosistemas, senón que tamén ofrecen, baixo a aplicación dun axeitado deseño, xestión e control, o tan necesario pulo para as pesqueiras e a súa sustentabilidade en que deben involucrarse desde o inicio os propios pescadores coa súa participación na toma de decisións, comprometéndose non só co medio mariño, senón tamén coa administración e coa sociedade en xeral.

Neste senso están recollidas coma figuras de protección pola UICN na categoría VI “Areas protexidas con Recursos Manexados”, e encaixan perfectamente coas recomendacións dos máximos organismos internacionais; caso da FAO.

Esta figura de protección presenta evidentes beneficios:

Amosan un incremento da biomasa de peixes: os exemplares acadan maior tamaño, o cal tradúcese nun incremento da cantidade e viabilidade das postas. Un dos seus efectos é o de recuperar a diversidade biolóxica e a estrutura de poboacións e comunidades.

Co tempo constitúense en áreas de dispersión de exemplares cara ás augas adxacentes, rexistrándose un aumento das capturas por unidade de esforzo nos límites das reservas.


Constitúen un “seguro” contra a incerteza ao brindar unha maior capacidade de predición de pesca.

O sector pesqueiro recupera e revaloriza a súa imaxe e a dos seus produtos ante os consumidores.

Concilian o desenvolvemento económico co respecto ás especies e ecosistemas mediante unha explotación razoable dos recursos mariños e pesqueiros.

A idea do establecemento dunha área mariña protexida como ferramenta de cambio cara a unha pesca sostible e de calidade, naceu coa participación da Confraría de Cedeira no Proxecto Serea (2006-2008), cofinanciado polo Fondo Social Europeo en virtude do artigo 6: “Enfoques innovadores na Xestión do Cambio”. “Ría de Cedeira” é a segunda REMIP de Galicia e está integrada no LIC Costa Ártabra da Rede Natura 2000.

Facendo balance observamos a progresión positiva da evolución dos principais recursos pesqueiros, cun incremento tanto nas capturas como nos seus tamaños en algunhas das especies clave das nosas pesqueiras; grazas a unha pesca sostible e responsable, unha pesca selectiva, que non produce descartes, non causa danos ós ecosistemas mariños, contribuíndo á xestión sostible e integral das zonas costeiras, proporcionando valor engadido ás actividades relacionadas coa pesca e promovendo a diversificación.



Facer notar que o actual sistema de COXESTIÓN, no que existe unha estreita colaboración entre a administración galega e os propios actores sectoriais , é un dos piares fundamentais na xestión desta Reserva Mariña. Os profesionais da pesca reúnen, comentan os seus hábitos de pesca , identifican as boas e malas prácticas, os beneficios obtidos derivados da súa xestión e comprométese cá súa actividade. Nas súas propostas para o plan de xestión anual demostran un alto grado de responsabilidade e compromiso: establecendo novas zonas de veda para cría de especies e aumentando as tallas mínimas de captura, nalgúns casos ata do 100% . Neste proceso foi fundamental o desexo de preservar un espazo natural de riqueza pesqueira ancestral que estaba vendo como, pouco a pouco, diminuía a súa capacidade produtiva e a idea de coidar e protexer o mar do que vivimos para que tamén poidan vivir del os nosos fillos.

A creación da Remip “Ría de Cedeira“ foi o impulso que os gobernantes locais necesitaban para a definitiva construción e posta en marcha da depuradora de augas residuais; feito que indubidablemente supuxo unha mellora na calidade das augas e polo tanto nas zonas de pesca e que se demostra no paso de zona clasificada como B a zona A e de zona C a B estable para a produción de moluscos bivalvos. Na actualidade, a ría de Cedeira divídese para a clasificación microbiolóxica en dúas zonas de produción: O GAL 02/04 Parte externa da ría de Cedeira e o GAL 02/05 Parte interna da ría de Cedeira coa clasificación: B estable e B provisional, respectivamente. Esta clasificación é permanentemente actualizada na web do INTECMAR (www.intecmar.gal) baixo o protocolo de seguimento microbiolóxico das zonas de produción marisqueira de acordo coa Orde do 8 de setembro de 2006 e as súas modificacións posteriores. Todo isto, impulsou o nacemento de asociacións culturais e deportivas que organizan numerosas actividades para nenos e adultos sempre relacionadas coa reserva mariña: actividades de pesca deportiva sostible, deportes náuticos e visitas guiadas.

Coa creación desta reserva, Galicia segue no camiño de fomentar a protección do medio ambiente e dos recursos naturais, así como de promover o desenvolvemento sustentable e a mellora da calidade de vida nas zonas marítimas, lacustres e costeiras onde se exercen actividades de pesca e marisqueo, en concordancia cós obxectivos definidos polo Fondo Europeo de Pesca, hoxe en día Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, así como coa Política Pesqueira Común.

Cabe dicir que é cedo para poder avaliar o efecto reserva con rigor pero os indicadores analizados van na dirección axeitada polo que se aconsella non modificar demasiado o Plan de Xestión respecto de anos anteriores para seguir no camiño correcto.

1. OS DATOS XERAIS.

1.1. Os obxectivos do Plan de xestión integral.

As actividades pesqueiras e marisqueiras que se levan a cabo no ámbito da Remip “Ría de Cedeira”, desenvólvense no marco do presente plan de xestión integral (en adiante PXI), no que quedan recollidas as medidas específicas para cada unha das pesqueiras e das zonas dentro da reserva.

Coa elaboración e posta en marcha deste plan preténdese chegar a unha serie de obxectivos concretos:

1. Protexer e favorecer a rexeneración dos recursos pesqueiros;
2. Impulsar a pesca artesanal e o marisqueo a través de medidas encamiñadas a acadar unhas actividades profesionais responsables e sustentables;
3. Conservar e protexer a flora e fauna do medio mariño e a súa diversidade;
4. Fomentar a sensibilización ambiental sobre o medio mariño;
5. Divulgar os valores pesqueiros e ambientais da costa galega;
6. Favorecer os estudos científicos sobre as distintas especies e sobre as medidas de protección dos recursos e xestión das pesqueiras;
7. Posibilitar e favorecer o desenvolvemento e a aplicación de modelos de xestión pesqueira coa participación dos profesionais da pesca e do marisqueo.

1.2. A elaboración, aprobación e modificación do Plan de xestión integral.

1.2.1. Elaboración e aprobación.

O PXI deberá ser presentado cunha anticipación mínima de tres meses á finalización do PXI anterior.

1º. Este PXI xorde dun documento-proposta inicial elaborado polos socios da confraría de pescadores de Cedeira, e con base nas reunións mantidas cos distintos sectores produtivos cuxas actividades desenvolvéronse habitualmente no ámbito da reserva “Ría de Cedeira” durante todo o ano 2021.

2º. A consulta do documento cos usuarios da reserva fíxose mediante convocatoria, da coordinación da Remip, de asembleas dos distintos sectores de produción, de todos os usuarios (anexo V).

3º. A coordinación da reserva envía ao órgano de xestión, seguimento e control (Oxesco) a proposta do PXI.

A confraría de pescadores remitiu dúas copias da proposta do PXI; unha á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica e outra á Dirección de Desenvolvemento Pesqueiro.

4º. O presidente do Oxesco convoca ao órgano para debater o PXI. O Oxesco reúne e á vista dos informes técnicos e tralas deliberacións oportunas emite informe sobre a proposta presentada.

5º. O Oxesco remite informe á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

6º. A Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica aproba o PXI.

7º. Unha vez aprobado, daráselle publicidade ao PXI para coñecemento dos usuarios e da cidadanía.

1.2.2. Modificación.

Toda proposta de modificación deste plan deberá trasladarse ao Oxesco, cuxos membros, unha vez informados, poderán solicitar a convocatoria do órgano, se así o consideran pola transcendencia da modificación proposta.

Así, como regra xeral:

1º. Remisión das propostas de modificación á coordinación da Remip.

2º. A coordinación da reserva remitirá ditas propostas, xunto coa valoración do seguimento científico, á secretaría do Oxesco.

3º. A secretaría do Oxesco enviará as propostas aos diferentes membros do órgano.

4º. Os vogais do órgano remitirán a súa contestación á secretaría do Oxesco, que as fará chegar á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para que se dite a resolución que corresponda, de ser o caso, ou se convoque ao órgano de xestión.

1.3. A vixencia do PXI.

O PXI terá vixencia anual, dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2022, excepto para o marisqueo xeral que terá unha vixencia dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2023 e para o marisqueo de recursos específicos que terá unha vixencia dende o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2024.

A súa renovación será discutida na convocatoria ordinaria do Oxesco que coincida co final do período de vixencia do plan en curso, podéndose prorrogar automaticamente, de ser o caso, ata a seguinte convocatoria do órgano.

Cando non exista ningunha proposta presentada, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica poderá aprobar de oficio, logo do informe do Oxesco, un plan de xestión integral.

1.4. O órgano de xestión, seguimento e control (Oxesco).

1.4.1. Composición e funcións.

A súa composición e funcións son as recollidas no artigo 10 do Decreto 28/2009 do 29 de xaneiro polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira; así como

no artigo 2 da Orde do 18 de agosto de 2010 pola que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira.

Estará constituído por oito membros designados pola consellería competente en materia de pesca, que procurará unha participación equilibrada de homes e mulleres: tres en representación da consellería competente en materia de pesca, un en representación da consellería competente en materia de medio ambiente, tres en representación da confraría de Pescadores de Cedeira e un en representación do sector pesqueiro por proposta da Federación Galega de Confrarías.

A consellería competente en materia de pesca designará a presidencia e a secretaría do Oxesco entre os representantes da administración.

O órgano de xestión poderá incorporar ás súas reunións persoal asesor para informe e debate dos asuntos que se consideren oportunos.

1.5. A coordinación da reserva e as súas funcións.

Á coordinación correspóndelle á confraría de pescadores de Cedeira, que é a responsable de organizar o traballo diario dos equipos de seguimento científico, de dar a información necesaria á vixilancia e de control de todas as actividades que se desenvolvan no ámbito da reserva.

As funcións de coordinación da Remip “Ría de Cedeira” realízaas a Asistencia Técnica. Ademais, ten encomendadas as seguintes funcións:


- a) Elaborar e presentar o PXI, que se fará conforme ao establecido na normativa reguladora e ás instrucións que poidan ditar ao respecto tanto a Consellería do Mar como o Oxesco;
- b) Elaborar o informe anual sobre a Remip, para que, unha vez informado polo Oxesco sexa difundido ao sector, institucións e entidades interesadas para o seu coñecemento;
- c) Prestar asistencia técnica nas reunións do Oxesco da reserva.
- d) Garantir a recollida e envío de mostraxes relativas ao estado sanitario das augas e especies marisqueiras ao Intecmar.
- e) Asegurar o correcto funcionamento dos diferentes puntos de control.

No caso dos recursos para os que existen plans de xestión aprobados xestionaranse baixo as condicións establecidos neles.

2. A ORDENACIÓN NA REMIP “RIA DE CEDEIRA”.

2.1. A descrición do espazo : localización , delimitación e zonificación.


A ría de Cedeira está situada ao norte da provincia da Coruña, bañada polo Océano Atlántico e a poucos quilómetros do cabo Ortegal, que marca o límite co mar Cantábrico. Se ben é unha das máis pequenas de Galicia en extensión, a súa biodiversidade e riqueza tanto paisaxística como ecolóxica, fana un enclave especial para gran cantidade de especies acuáticas polo que a confraría de pescadores de Cedeira, tras determinar a súa



idoneidade mediante estudos pesqueiros, ecolóxicos, propuxo que se lle outorgase un marco de protección dirixido ao interese pesqueiro.

A Remip “Ría de Cedeira“, que comprende augas interiores da Comunidade Autónoma de Galicia, queda delimitada pola liña da preamar máxima viva equinoccial e pola liña recta imaxinaria que marca a boca da ría, e que une O Ensebadoiro e a punta de terra da Chirlateira. Ten unha superficie total de 744.2 hectáreas e o seu límite , na zona da boca da ría , ven determinado polas seguintes coordenadas DATUM WGS - 84:

	Latitude	Lonxitude
O Ensebadoiro	43 40.815´	08 04.518´
Pta. de Terra da Chirlateira	43 39.958´	08 05.413´



O Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, de creación da reserva recolle nos seus artigos 2 e 3 os límites tanto da Remip como das zonas especiais (ZEP I, ZEP II e reserva integral de Esteiro).

Dentro do ámbito da reserva identificáronse unhas zonas que, polas súas características ecolóxicas e a súa relevancia de cara á consecución dos obxectivos da creación desta área protexida, requiren unha maior protección; así, existen tres zonas diferenciadas con fortes restricións nas actividades a desenvolver nelas:

1. Reserva Integral de Esteiro (46.90 Ha): área marítima delimitada pola recta poligonal definida polas seguintes coordenadas (DATUM WGS - 84):

Latitude	Lonxitude
43 38.390´	08 04.097´
43 38.162´	08 03.871´
43 38.163´	08 03.519´
43 38.314´	08 03.491´
43 38.472´	08 03.965´

2. ZEP I – Vilarrube (40.30 Ha): zona limitada ao sur pola liña da baixamar escorada e ao norte pola liña imaxinaria que une punta Robaleira có Forno, definida polas seguintes coordenadas (DATUM WGS - 84):

	Latitude	Lonxitude
Punta Robaleira	43 39.057´	08 04.223´
O Forno	43 39.125´	08 04.928´

3. ZEP II – Boca da Ría (144.30 Ha): área marítima delimitada polas liñas imaxinarias que unen entre si ao sur a punta Castrelo e punta Folgoso e ao norte punta de terra de Chirlateira e O Ensebadoiro, e definida polas seguintes coordenadas (DATUM WGS - 84):

		Latitude	Lonxitude
Límite sur	Pta.Castrelo	43 39.731´	08 05.224´
	Pta.Folgoso	43 40.086´	08 04.513´
Límite norte	Chirlateira	43 39.958´	08 05.413´
	O Ensebadoiro	43 40.815´	08 04.518´

4. A Zanqueira (3.748,77 m²): área mariña situada fronte ao edificio: “Casa do pescador” camiño ao peirao pesqueiro e delimitada polas coordenadas:

- W 8°3,814' N 43° 39,474 (Muro)
- W 8°3,739' N 43° 39,483 (Interior Rampla)
- W 8°3,731' N 43° 39,464 (Exterior Rampla)
- W 8°3,800' N 43° 39,451 (Zona mar fronte a rampla)
- W 8°3,802' N 43° 39,465 (Zona mar fronte a Peixeira)
- W 8°3,803' N 43° 39,472 (A Peixeira)



LIMITES E SUPERFICIE DA ZONA DE "A ZANQUEIRA"

2.2. Condicións de acceso, actividades permitidas e limitación de usos.

As condicións de acceso á reserva están recollidas no artigo 8 do Decreto 28/2009, no cal se establece que poderán exercer a pesca marítima profesional no ámbito da reserva as embarcacións de arqueo igual ou inferior a 1,5 GT.

Aquelas embarcacións que contén con cambios temporais de modalidade para artes autorizadas no ámbito da reserva poderán faenar con elas sempre que contén coa autorización da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica previo informe favorable do Oxesco.

Esta limitación non se aplica ás embarcacións habilitadas para a captura do percebe, que poderán extraer este recurso nas zonas autorizadas; e ás embarcacións despachadas con artes de anzol que poderán extraer patexo (*Polybius henslowii*) con nasas, nas zonas autorizadas para o seu emprego como engado vivo.

O Decreto 28/2009 recolle nos seus artigos 5 e 6 as actividades permitidas así como a limitación de usos en cada zona.

Na **Reserva Integral de Esteiro** queda prohibida a práctica de pesca marítima, a extracción de fauna e flora e a realización de actividades subacuáticas, coa excepción das actividades e toma de mostras autorizadas expresamente pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños logo de informe do Oxesco, con fins científicos ou de seguimento da propia área mariña.

Nas **zonas de especial protección ZEP I e ZEP II** queda prohibida a práctica de pesca marítima, a extracción de fauna e flora e a realización de actividades subacuáticas, coas seguintes excepcións:

- A extracción de percebe dentro da ZEP II Boca da ría;
- O mergullo de lecer dentro da ZEP II Boca da ría;
- As actividades e toma de mostras autorizadas expresamente pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños logo do informe do Oxesco, con fins científicos ou de seguimento da propia área mariña.

Coa resolución do 27 de novembro de 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños , pola que se ditan as medidas de xestión para o ámbito da Remip quedou excluído o emprego de artes de enmalle na ZEP II-Boca da ría e na ZEP I-Vilarrube.

Coa entrada en vigor deste plan de xestión integral, na **zona da Zanqueira**, queda prohibida a práctica da pesca marítima desde embarcación, a extracción de fauna e flora e a realización de actividades subacuáticas, coa excepción das actividades e toma de mostras autorizadas expresamente pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños logo de informe do Oxesco, con fins científicos ou de seguimento da propia área mariña.

2.3. Pesca marítima de recreo e o mergullo de lecer.

Segundo a Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, defínese a pesca marítima de recreo como aquela que se practica por entretemento, deporte ou afección, sen ánimo de lucro, en perfecta harmonía e respecto có exercicio da actividade pesqueira, marisqueira e acuícola profesional.

Na antedita lei, establécense as seguintes **modalidades** de pesca recreativa:

- a) pesca desde embarcación da sétima lista;
- b) pesca desde terra en superficie;
- c) pesca submarina: prohibida en toda a Remip “Ría de Cedeira”;
- d) pesca desde embarcación da sexta lista, incluídas as distintas modalidades de pesca de alugamento.

Non se poderá realizar ningunha destas modalidades de pesca a menos de 250 metros das artes de pesca e das embarcacións adicadas a calquera clase de pesca profesional, nin nas canles de navegación, así como tampouco por fora das zonas portuarias sinalizadas ao efecto nos planos publicados na web <https://portosdegalicia.gal/pesca-recreativa-portos>, nin a menos de 250 metros das praias cando estean frecuentadas por bañistas, e nas zonas de litoral prohibidas mediante orde da Consellería do Mar.

O **período autorizado** abrangue todos os días do ano.

O **horario** será diúrno, comprendido entre o orto e o ocaso no caso **da pesca desde embarcación**.

As **artes** e útiles a utilizar por licenza serán as descritas a continuación: dúas canas ou sedais cun máximo de 6 anzois, dúas poteiras, dúas garabetas e un gancho, podendo utilizar como arte auxiliar un trueiro.

Esta licenza só habilita para a **captura de cefalópodos e peixes**, agás a anguía, quedando prohibido a pesca durante a migración do salmón e reo nas entradas dos ríos ou nas zonas de paso destes.

Poderanse capturar **un máximo de cinco quilos por licenza e día**, podendo non computarse o peso dunha soa peza que exceda do tope establecido, cun tope por embarcación e día de 16 Kg se son máis de tres as persoas embarcadas titulares de licenza. No caso do polbo, o límite será dúas pezas por pescador e día.

Para utilizar como **cebo**, poderase capturar diariamente por licenza , ata un total de 50 poliquetos, 40 cangrexos (*Pachygrapsus marmoratus* e *Carcinus maenas*), 200 g de pulgas de mar e 100 g de camaróns e quisquillas (quedando prohibida a captura do camarón común (*Palaemon serratus*)).

Segundo a Orde do 17 de Setembro de 2009 pola que se desenvolve o Decreto 211/1999 do 17 de Xuño de 1999 polo que se regula a pesca marítima de recreo; existen unha serie de **prohibicións** que todos os propietarios dunha licenza de pesca marítima de recreo deben coñecer e respectar:

- A utilización de artes , aparellos e útiles distintos dos arriba indicados.
- A utilización de substancias tóxicas, narcóticas, venenosas... que contaminen o medio mariño.
- O emprego de luces e equipos eléctricos que sirvan de atracción para a pesca.
- A captura, a tenza e o desembarco de especies prohibidas, vedadas ou de tamaño ou peso inferior ó regulamentario, que deberán ser devoltas decontado ao mar.
- A pesca, almacenamento, transporte, transbordo ou descarga dunha cantidade superior ós topes máximos de capturas sinalados anteriormente, inda que correspondan a varios días continuos de navegación.
- Obstaculizar ou interferir as faenas de pesca marítima profesional, marisqueira ou acuícola.

No ámbito da reserva, a pesca marítima de recreo levarase a cabo respectando todas as normas e prohibicións establecidas para o resto da Comunidade Autónoma de Galicia, coas seguintes excepcións:


- a) Queda prohibida a realización desta práctica tanto na reserva integral de Esteiro como nas ZEP I, ZEP II e na Zanqueira; permitíndose unicamente na Zanqueira a pesca con cana desde superficie.
- b) Queda prohibida a práctica de pesca submariña na totalidade do ámbito da reserva.
- c) Queda prohibida a práctica de pesca con cana utilizando engado (macizado) como cebo na totalidade do ámbito da reserva.
- d) Queda prohibida a pesca marítima desde embarcación desde o límite norte da ZEP I ata a liña de preamar máxima viva equinoccial da praia de Vilarrube, incluíndo as Enseadas de Esteiro e Pantín.

e) Queda prohibida a pesca con cana durante todos os días do ano no período comprendido entre dúas horas antes e dúas horas despois da baixamar tanto diúrna como nocturna, desde o límite sur da ZEP I, ata o límite da zona da reserva integral de esteiro e en toda a Enseada de Pantín.

Permítese a **recolección de poliquetos**, cangrexos, camaróns, quisquillas e pulgas de mar para a súa utilización como cebo vivo nas áreas delimitadas a continuación:

- Na praia da Magdalena de Cedeira: da “Ponte Vella” cara ao nacemento do río Condomiñas e da “praia da Fábrica” ata a antiga cetárea.
- Na Enseada de Esteiro : desde a liña que une punta Campelo con Landeira e cara ao nacemento do río das Mestas.
- Na Enseada de Pantín: desde o “Cemiterio dos Barcos” cara ao nacemento do río das Ferrerías.

Permítese o **mergullo de lecer** (previa comunicación á Coordinación da reserva) en todo o ámbito da mesma agás na Zanqueira e en toda a superficie que abrangue dende o límite norte da ZEP I ata a liña de preamar máxima escorada da praia de Vilarrube, incluíndo as enseadas de Pantín e de Esteiro.



2.4. Marisqueo de recursos xerais:

2.4.1. Descrición e análise das zonas de extracción:


A ría de Cedeira está formada por dous lóbulos separados pola punta Robaleira. Na marxe dereita atópase o areal da Magdalena (banco natural de berberecho, onde tamén se extrae ostra rizada e longueirón vello) e na marxe esquerda a praia de Loira ou Vilarrube (banco natural de cadelucha) que protexe dos temporais oceánicos ás enseadas de Pantín e Esteiro (autorizacións administrativas para berberecho, bígaro, ameixa fina e **ameixa babosa**) onde se atopa a reserva integral.

A) A praia da Magdalena (CL-097, CL-213, CL-230 e CL-231).

Atópase ao fondo da ría de Cedeira na súa marxe dereita encaixada entre bordes rochosos, cunha extensión de 300.000m².

Neste areal existe un banco natural de berberecho aparecendo, como especies acompañantes o bígaro (caramuxo) o longueirón vello e a ostra xaponesa. A superficie produtiva do banco é de preto de 280.000 m² non existindo zonificación na súa explotación.

B) A praia de Vilarrube (CL-096).



Orientada cara ao norte, en dirección á boca da ría. É un banco areoso de pendente moderada e carácter oceánico. Está limitada nos seus extremos esquerdo e dereito polas canles de desaugue das enseadas de Pantín e de Esteiro respectivamente, e recibe directamente a acción dos temporais, polo que é frecuente a aparición de “ripple - marks” (suaves ondulacións na capa superficial da area debidas á ondaxe).

Nesta praia trabállase un banco natural de cadelucha, non existindo especies acompañantes de interese comercial.

A superficie produtiva do banco é de preto de 360.000 m² non existindo zonificación na explotación deste.

C) As enseadas de Pantín (CL-047) e Esteiro (CL-053, CL-048 e CL-214).

As enseadas atópanse protexidas dos temporais por unha barra areosa cuxo fronte oceánico é a praia de Vilarrube, realizándose a comunicación por unhas estreitas canles a ambos lados da praia. Son enseadas de pouca profundidade, con pouco declive e unha zona intermareal grande. A maior parte da zona de marisma cóbrese só nas mareas vivas. A división das dúas enseadas está configurada por unha lingua areosa en forma de “T” cun conxunto dunar amplamente estabilizado e colonizado que durante os últimos anos está a sufrir un retroceso, tanto cara ao sur, como nos seus extremos leste e oeste, co conseguinte estreitamento das canles de desaugue.

As dúas enseadas, cunha superficie produtiva total que se achega ós 7.500 m² (5.500 m² en Esteiro e 2.000 m² en Pantín), son zonas de autorización marisqueira e teñen como especies obxecto a ameixa fina, o bígaro, a ameixa babosa e o berberecho.

Na enseada de Esteiro atópase a reserva integral do mesmo nome.



2.4.2. Descrición das artes de marisqueo:

Enténdese por arte de marisqueo todo aquel útil ou aparello que, utilizado dun xeito preciso e cunha técnica determinada, ten como fin último a captura de organismos acuáticos.

Na reserva de Cedeira, as artes utilizadas na extracción de bivalvos son as seguintes:

1. Sacho: utensilio formado por un mango de madeira, ou outro material, nun de cuxos extremos dispón dunha platina metálica plana, comunmente de forma triangular ou rectangular, que forma ángulo agudo co mango.

2. Angazo: consta dun mango de madeira ou similar que forma ángulo agudo cunha platina de madeira ou metal provista de dentes que non poderán exceder dos 10 cm de lonxitude.

3. Fouciña: consta dun curto mango de madeira rematado nunha peza metálica máis ou menos curva que facilita a escavación e o acceso aos moluscos infaunais.

4. Coitelo: Consta dunha folla, normalmente metálica, e frecuentemente acabada en punta, cun ou dous lados afiados, e dun mango xeralmente de madeira. Emprégase para coller ostra xaponesa.

5. Martelo e cincel: poderá usarse manualmente o martelo e cincel como artes para extraer ostra rizada.

6. Raño de vara corta: aprobado o seu uso mediante unha experiencia piloto ao longo dun ano por a *Resolución do 28 de xullo de 2021 da Xefatura Territorial de Celeiro, pola que se adaptan as medidas de xestión no plan de xestión de moluscos bivalvos e gasterópodos, en zonas de autorización.*

A extracción de longueirón será realizada directamente coa man ou utilizando sal mariño para estimular a saída dos individuos da area.

2.4.3. Medidas de xestión por especies.

A continuación, detállanse o conxunto de normas específicas que regulan o marisqueo de recursos xerais dentro do ámbito da Remip. Se ben, é preciso comentar que a xestión e explotación das especies marisqueiras desenvólvese ao abeiro dos plans de xestión e as medidas de adaptación que serán aprobados na Orde de marisqueo xeral para o trienio 2021-2023. As medidas adoptadas inclúen tanto as de carácter técnico como biolóxico; có fin de optimizar o esforzo marisqueiro ó tempo que se acada unha extracción sostible do recurso.

As condicións de acceso serán: estar en posesión do permiso de explotación para marisqueo de recursos xerais e que se atopen incluídos no anexo II do plan de xestión integral da Remip.

2.4.3.1. Berberecho (*Cerastoderma edule*).

1. Zona de traballo: areal da praia da Magdalena de Cedeira (CL-097), areal da Enseada de Esteiro (CL-053, CL-048, CL-214) e areal da Enseada de Pantín (CL-047), exceptuando a zona de Reserva Integral.

2. Tamaño mínimo: 27 mm medido no seu eixo maior ou anteroposterior (LAP).

3. Regulación marisqueira: De acordo co establecido no plan de xestión e as adaptacións aprobados para 2021-2023.

2.4.3.2. Cadelucha (*Donax trunculus*).

1. Zona de traballo: areal da praia de Vilarrube (CL-096)

2. Regulación marisqueira: de acordo co establecido no plan de xestión e as adaptacións aprobados para 2021-2023.

2.4.3.3. Ameixa fina (*Ruditapes decussatus*).

1. Zona de traballo: Enseada de Esteiro (CL-053, CL-048) (exceptuando a reserva integral), Enseada de Pantín (CL-047) e zonas de libre marisqueo da Enseada de Esteiro (CL-214).

2. Regulación marisqueira: Coincidente co establecido no plan de xestión e as adaptacións aprobadas para 2021-2023.

2.4.3.4. Caramuxo ou bígaro (*Littorina littorea*).

1. Zona de traballo: Enseada de Esteiro (CL-053, CL-048, CL-214) (exceptuando a reserva integral) e Enseada de Pantín (CL-047) e zonas de libre marisqueo da Enseada de Esteiro (CL-214).

2. Regulación marisqueira: Coincidente co establecido no plan de xestión e as adaptacións aprobadas para 2021-2023.

2.4.3.5. Longueirón vello (*Solen marginatus*).

1. Zona de traballo: areal da praia da Magdalena de Cedeira (CL-213).

2. Regulación marisqueira: Coincidente co establecido no plan de xestión e as adaptacións aprobadas para 2021-2023.

2.4.3.6. Ostra rizada (*Crassostrea gigas*).

1. Zona de traballo: areal da praia da Magdalena de Cedeira (CL-230 e CL-231), e na enseada de Pantín (CL-047) e na Enseada de Esteiro (CL-053), exceptuando a zona de reserva integral.

2. Tamaño mínimo: 60 mm medido no eixe dorsoventral (LDV).


3. Regulación marisqueira: Coincidente co establecido no plan de xestión e adaptacións aprobadas para 2021-2023.

2.4.3.7. Ameixa babosa (*Venerupis corrugata*).

1. Zona de traballo: Enseada de Esteiro (CL-053, CL-048) (exceptuando a reserva integral), Enseada de Pantín (CL-047) e zonas de libre marisqueo da Enseada de Esteiro (CL-214).


2. Tamaño mínimo: 38 mm medido no seu eixo maior ou anteroposterior (LAP).

3. Regulación marisqueira: Coincidente co establecido no plan de xestión e adaptacións aprobadas para 2021-2023.



2.4.4. Calendario de marisqueo previsto.

ESPECIES	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC
BERBERECHO*												
COQUINA												
AMEIXA FINA												
BIGARO												
LONGUEIRÓN VELLO												
OSTRA XAPONESA												
AMEIXA BABOSA												

 Período de pesca permitido

*Na praia da Magdalena se prevé realizar un paro biolóxico do berberecho nos meses de maio e outubro, ampliable aos meses de xuño e xullo por mor do estado do recurso. Na zona de Esteiro a veda é prevista no mes de maio.

2.4.5. Resumo das medidas de xestión prevista para os recursos marisqueiros xerais na reserva durante o período 2021-2023.

RECURSOS	MODALIDAD E	MARISCADORAS	Nº PROBABLE DÍAS EXTRACCIÓN*	TOPE DIARIO / PERSOA*	TALLA MÍNIMA
BERBERECHO	A pé	Ata un máximo de 21	198/30	10kg (praia Madalena) 15 Kg (*) na Enseada	27 mm
CADELUCHA	A pé	Ata un máximo de 21	21	2 Kg	35 mm
AMEIXA FINA	A pé	Ata un máximo de 21	198	4 Kg	40 mm
BÍGARO	A pé	Ata un máximo de 21	198	15 Kg	15 mm
OSTRA XAPONESA	A pé	Ata un máximo de 21	100	50kg	60 mm
LONGUEIRÓN VELLO	A pé	Ata un máximo de 21	40	5kg	80 mm
AMEIXA BABOSA	A pé	Ata un máximo de 21	198	4Kg (**)	38 mm

(*) ampliable a 20 kg en función dos resultados das mostraxes en casos excepcionais, e a 25 kg en festas gastronómicas.

(**) para a explotación desta especie baixo o tope proposto é preciso que remitan previamente unha validación do estado do stock coa estimación de biomasa que acade a talla comercial.

2.5. Recursos específicos:

2.5.1. Descrición e análise das zonas de extracción:

O ámbito de extracción dos recursos específicos, esténdese fóra dos límites da reserva mariña de Cedeira debido a que para algunhas especies se aprobaron bancos sitios na zona VIII.

Con referencia o Percebe e o ourizo o seguinte mapa amosa a distribución, segundo á abundancia na Remip “Ría de Cedeira”.

Aclaración:

Aínda que no mapa aparece sombreada en azul, a costa oeste da ZEP I Vilarrube, non está autorizada a extracción deste recurso (percebe) na mencionada zona de especial protección.

Aínda que no mapa aparece sombreada en vermello a punta Promontorio, non está autorizada a extracción deste recurso (ourizo) na mencionada zona de especial protección.



2.5.2. Descrición das artes empregadas na extracción de recursos específicos.

Raspa ou rasqueta (“cacha”): utensilio adaptado para a extracción de percebe que consta dun mango recto de madeira unido a unha platina poligonal que terá unha base máxima de 5 cm.

Mergullo con subministro de aire dende superficie: Excepto para o percebe, no que en ningún caso se permitirá a utilización de equipamentos de mergullo, para os plans de recursos específicos a mergullo as artes empregadas e utensilios entre outros son: aletas, coitelo, luvas, compresor de aire, máscara facial, manguera...

2.5.3. Medidas de xestión por especies:

A continuación, detállanse o conxunto de normas específicas que regulan a extracción de recursos específicos dentro do ámbito da reserva. As medidas adoptadas inclúen tanto as de carácter técnico como biolóxico; co fin de optimizar o esforzo ao tempo que se acada unha extracción sostible do recurso.

2.5.3.1. Percebe (*Pollicipes pollicipes*).

1. Condicións de acceso: embarcacións que teñen no seu permiso de explotación a modalidade de marisqueo de percebe e que se atopan incluídas no anexo III do plan de xestión integral da Remip.

2. Zona de traballo: todo o ámbito da reserva exceptuando a reserva integral e a ZEP I.

3. Regulación marisqueira: de acordo co establecido no plan de xestión e as adaptacións aprobadas para 2022-2024.

4. Tope de capturas: 12 kg peso bruto (percebe, mexillón, cornichas, pedras...) e 10 kg peso neto (só percebe) habilitación enrolado e a bordo/día.

5. Punto de Control: O punto de control establecido é a lonxa de Cedeira, dentro do recinto habilitado para tal fin, no que se realizará a pesaxe do tope bruto ou neto con carácter previo á súa elección.

2.5.3.2. Ourizo (*Paracentrotus lividus*).

Na actualidade dentro dos límites da Remip non se esta a capturar este recurso específico.

No caso que ao longo do 2022-2024 se propoña a extracción dentro do ámbito da Remip o plan de xestión deberá ser informado polo Oxesco que, entre outras cuestións contará:

1. Condicións de acceso: embarcacións que teñen no seu permiso de explotación a modalidade de marisqueo para o ourizo e que se atopan incluídas no plan de xestión e as adaptacións aprobadas para 2022-2024. No caso de plans a mergullo de subministro de aire en superficie deberán cumprir co disposto no Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño para poder traballar no ámbito da Remip.

2. Zona de traballo: de acordo co establecido no Decreto 28/2009, do 20 de xaneiro, a zona permitida é todo o ámbito da reserva exceptuando: a reserva integral, a ZEP I Vilarrube e ZEP II Boca da Ría.

3. Tamaño mínimo: 6 cm de diámetro (DD).

2.5.3.3. Solénidos: Longueirón (*Ensis siliqua*).

1. Condicións de acceso: embarcacións que teñen no seu permiso de explotación a modalidade de marisqueo para solénidos e que se atopan incluídas no plan de xestión e as adaptacións aprobadas para 2022-2024. No caso de plans a mergullo de subministro de aire en superficie deberán cumprir co disposto no Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño para poder traballar no ámbito da Remip.

2. Tamaño mínimo: 120 mm de diámetro (LAP).

3. Zona de traballo: de acordo co establecido no Decreto 28/2009, do 20 de xaneiro, a zona permitida é todo o ámbito da reserva exceptuando: a reserva integral, a ZEP I Vilarrube e ZEP II Boca da Ría.

4. Regulación marisqueira: De acordo co establecido no plan de xestión e as adaptacións aprobadas para 2022-2024.

2.5.3.4. Anémona (*Anemonia sulcata*).

1. Condicións de acceso: embarcacións que teñen no seu permiso de explotación a modalidade anemone e que se atopan incluídas no plan de xestión e as adaptacións aprobadas para 2022-2024. No caso de plans a mergullo de subministro de aire en superficie deberán cumprir co disposto no Real Decreto 550/2020, do 2 de xuño, para poder traballar no ámbito da Remip.

2. Zona de traballo: Punta Chirlateira, tendo como límite o Norte da ZEP II Boca da Ría.

3. Regulación marisqueira: De acordo co establecido no plan de xestión e as adaptacións aprobadas para 2022-2024.

2.6. Pesca de baixura:

2.6.1. Descrición e análise das zonas de extracción.


Delimitación das zonas de pesca artesanal dentro da reserva, tendo como criterio as artes de pesca que se empregan nelas:

a) Zona de artes de enmalle e aparellos de anzol: abrangue a zona comprendida entre o límite sur da ZEP II-Boca da ría e a liña imaxinaria que une a punta do dique de Cedeira co cumio do monte Burneira.

As artes empregadas nesta zona son o palangrillo, a liña ou cordel, o trasmallo e o medio mundo; as capturas céntranse, dependendo da época do ano, en especies como a xiba, a centola, a raia, o congrio, os peixes planos e os peixes de rocha.

b) Zona de artes de nasas: abrangue toda a zona interna da ría, dende o límite sur da ZEP II-Boca da ría ata o areal da Magdalena (exceptuando a zona portuaria e a Zaqueira) e polo extremo sur ata o límite norte da ZEP I-Vilarrube. As artes empregadas son a nasa de polbo, nécora-camarón (especies obxecto desta pesqueira).

Así mesmo, poderase capturar patexo con nasa nécora-camarón tanto na zona exposta no parágrafo anterior como na zona habilitada para a captura de cangrexo como cebo no apartado de pesca de recreo (ver apartado 2.3.).



2.6.2. Descrición das artes de pesca artesanal.

Na Remip “Ría de Cedeira” permítense a pesca marítima profesional coas artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona: anzois, nasas e enmalle, nas modalidades tradicionalmente autorizadas e de conformidade co establecido neste plan.

A continuación descríbense as diferentes modalidades existentes de cada tipo así como as medidas de xestión adoptadas para cada pesqueira dentro do ámbito da reserva.

2.6.2.1. Artes de enmalle.

TRASMALLOS: é unha arte fixa ao fondo que consta dunha ou varias pezas constituídas por tres panos, que se arman conxuntamente entre dúas trallas, cos sistemas adecuados para permanecer calados verticalmente. Os panos exteriores serán iguais entre si, e o pano interior, de malla de menor tamaño, poderá ser de maior extensión.

Características técnicas: a malla mínima dos panos exteriores, diagonalmente estendida será igual ou superior a 500 milímetros e a do pano central, igual ou superior a 100 milímetros.

A altura máxima da arte, entre trallas, será de 2,5 m e a lonxitude de cada unha das pezas non excederá de 50 m.

Nº pezas: 20 pezas por embarcación máis 10 pezas por tripulante enrolado e a bordo, ata un máximo de 40 pezas.

Zonas autorizadas: todo o ámbito da reserva exceptuando a ZEP-II- Boca da Ría e a zona interior (de augas continentais) delimitada pola liña imaxinaria que une a punta do dique de Cedeira co cumio do monte Burneira.

Período autorizado: dependente da especie obxectivo.

Horario de uso: cada 24 horas deberán ser levantados do seu calamento.

Descanso semanal: non poderán quedar caladas nin permanecer no mar dende as 12:00 horas do venres ata as 10:00 h do domingo.

O aumento do tamaño da malla mínima dos panos exteriores e interiores do trasmallo con respecto ao indicado no Decreto 15/2011, xunto co aumento da tamaño mínimo das principais especies obxectivo; no caso da xiba (pasa de 8 cm a 12 cm de tamaño mínimo), centola (pasa de 12 cm a 14 cm de tamaño mínimo) e na acedía (pasa de 15 cm a 20 cm) así como o establecemento dunha porcentaxe para as especies accesorias (20% en peso vivo total das capturas retidas a bordo) fundamentou a modificación do horario de uso desta arte, así como o número de pezas.

MEDIOMUNDO: é un arte formada por un aro de ferro e armado de ventos que se xuntan nunha argola da cal parte un cabo único. O cabo pode ir suxeito directamente a unha vara ou por medio dunha polea para o seu manexo. O aro leva un cope de malla.

Características técnicas: o diámetro máximo do aro será de 6 metros e a dimensión da malla mínima do cope será igual ou superior a 14 milímetros.

Zonas autorizadas: todo o ámbito da reserva exceptuando a ZEP II - Boca da Ría e a zona interior (de augas continentais) delimitada pola liña imaxinaria que une a punta do dique de Cedeira co cumio do monte Burneira.

Período autorizado: dependente da especie obxectivo.

Horario de uso: exclusivamente horario diurno de luns a venres.

Descanso semanal: dende o ocaso do venres ata o orto do luns.

2.6.2.1.1. Medidas de xestión das principais especies capturadas con estas artes.

As medidas adoptadas inclúen tanto as de carácter técnico como biolóxico; co fin de optimizar o esforzo ó tempo que se acada unha extracción sustentable do recurso.

No caso de non indicarse regulación específica, enténdese que segue a norma xeral vixente.

Condicións de acceso: embarcacións con arqueo menor ou igual a 1,5 GT e coa modalidade de trasmallos incluída no seu permiso de explotación (anexo I).

Excepcionalmente, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, por proposta do Oxesco, pode autorizar temporalmente o acceso a embarcacións de arqueo superior a 1,5 GT (punto 1 do artigo 8 do Decreto 28/2009). Neste caso, estas deberán respectar todas as medidas de xestión aplicadas ás embarcacións de arqueo menor ou igual a 1,5 GT.

a) Arte autorizada: mediomundo.

Especies obxectivo: peóns, fanecas, xurelos, cangrexos, chipiróns...

Especies accesorias: non se contemplan.

As capturas realizadas con este arte respectarán (en caso de existir) as vedas, topes e tallas mínimas establecidas para cada especie conforme ó establecido neste plan e á lexislación vixente.

b) Arte autorizada: trasmallo.

Especies obxectivo: centola, xiba ou choco e raia.

Especies accesorias: todas aquelas non definidas para esta arte como especies obxectivo. Permítese a captura do 20% en peso vivo total das capturas retidas a bordo sempre que non estean en veda e cumpran co tamaño mínimo establecido.

2.6.2.1.1.1. Centola (*Maja brachydactyla*).

Tamaño mínimo: 14 cm de lonxitude de cefalotórax (LCT) medida sobre a liña mediana que vai entre ambos rostra ata o borde posterior do cefalotórax.

Tope de capturas: 35 Kg por embarcación/día máis 35 Kg por tripulante debidamente enrolado e a bordo/día.

Período de captura autorizado: Coincidente co establecido fóra do ámbito da Remip.


No caso dos crustáceos, independentemente do seu tamaño, queda prohibida a retención a bordo, transbordo, desembarco, transporte, almacenamento, venda, exposición ou comercialización das femias ovadas que deberán ser devoltas inmediatamente ao mar. Exceptuaranse da prohibición anterior as femias ovadas da cigala, o cangrexo real, o camarón e o percebe.

2.6.2.1.1.2. Xiba ou choco (*Sepia officinalis*).

Tamaño mínimo: 12 cm de lonxitude dorsal do manto (LDM).

Tope de capturas: non se establece.

Período de captura autorizado: do 1 de xaneiro ó 31 de maio, e do 2 ó 31 de decembro.



2.6.2.1.1.3. Raia (*Raja spp.*).

Tamaño mínimo: 50 cm da punta da cabeza ata o extremo da aleta caudal (LT) e a raia mosaico (*Raja undulata*) 70 cm da punta da cabeza ata o extremo da aleta caudal (LT).

Segundo o Regulamento CE núm. 2406/1996, a raia para a súa comercialización, enteira ou eviscerada, sen ás, deberá pesar mínimo: 300 gr; e so as ás mínimo: 500 gr.

Tope de capturas: non se establece.

Período de captura autorizado: todo o ano.

Esta pesqueira está supeditada ó disposto na normativa comunitaria sobre as variedades destas especies que estean prohibidas e que se publican nos regulamentos de TAC e cotas a principios de ano. Así como, aos peches, que se establezan por esgotamento da cota, que realice a Secretaría Xeral de Pesca e que se deberán devolver ao mar na zona de captura, por alta supervivencia.

2.6.2.1.1.4. Peixes planos: Rodaballo (*Scophthalmus maximus*), linguado (*Solea spp.*), acedía (*Dicologlossa cuneata*), solla (*Platichthys flesus*) e sollo ou curuxo (*Scophthalmus rhombus*).

Tamaños mínimos: medirase dende a punta da cabeza ata o extremo da aleta caudal (LT).

Rodaballo (<i>Scophthalmus maximus</i>)	30 cm	Solla (<i>Platichthys flesus</i>)	27 cm
Linguado (<i>Solea spp.</i>)	24 cm	Sollo ou curuxo (<i>Scophthalmus rhombus</i>)	30 cm
Acedía (<i>Dicologlossa cuneata</i>)	20 cm		

Tope de capturas: non se establece.

Período de captura autorizado: todo o ano.

2.6.2.1.1.5. Peixes de rocha: Maragota ou pinto (*Labrus bergylta*), sargo (*Diplodus spp.*), escarapote e cabracho (*Scorpaena spp.*) e robaliza (*Dicentrarchus labrax*).

Tamaños mínimos:

Maragota ou pinto (<i>Labrus bergylta</i>)	22 cm	Escarapote e cabracho (<i>Scorpaena spp.</i>)	18 cm
Robaliza (<i>Dicentrarchus labrax</i>)	36 cm	Sargo (<i>Diplodus spp.</i>)	22 cm

Tope de capturas: non se establece.

Período de captura autorizado: todo o ano.

2.6.2.2. Artes de anzol.

LIÑA OU CORDEL: está formada por un longo fío (xeralmente de tanza) e un número variable de anzois adaptados á especie obxecto de captura, que actúan normalmente

ligados á man do pescador e armada cun chumbo e da que existen, entre outras variantes as rañeiras, as poteiras, os curricáns e o chivo.

Zonas autorizadas: todo o ámbito da Remip exceptuando a reserva integral, a ZEP II Boca da Ría e a zona interior de augas continentais que delimita a liña imaxinaria que une a punta do dique de Cedeira có cumio do monte Burneira .

Período autorizado: todo o ano.

Horario de uso: diúrno ou nocturno. O diúrno dende o orto ata o ocaso, durante cinco días á semana, sendo obrigatorio un descanso semanal mínimo dende as 24 horas do venres ata as 24 horas do domingo; e o nocturno, dende o ocaso ata o orto, durante cinco días á semana, sendo obrigatorio un descanso semanal mínimo dende as 24 horas do venres ata as 24 horas do domingo.

PALANGRILLO: está constituído por unha tralla denominada madre, de lonxitude variable, da que parten outros cabos máis finos denominados brazoladas aos que se empatan os anzois.

Nº anzois: 1.000 como máximo; a lonxitude máxima total do palangrillo será de 3.000 m cunha distancia mínima entre brazoladas de 1 metro.

Zonas autorizadas: todo o ámbito da Remip exceptuando a ZEP II e a zona interior de augas continentais que delimita a liña imaxinaria que une a punta do dique de Cedeira có cumio do monte Burneira.

Período autorizado: todo o ano.

Horario de uso: desde as 16:00 horas do domingo ata as 16:00 horas do venres.

Descanso semanal: deben cesar na súa actividade dende as 16:00 h do venres ata as 16:00 h do domingo. Nestas 48 horas as artes deberán ser levantadas do seu calado e levadas a porto.

Especies obxectivo: congro, peixes planos e de rocha.

Especies accesorias: todas aquelas non definidas para este arte como especies obxectivo. Permítese a captura dun 20 % en peso vivo do total das capturas retidas a bordo, sempre que non estean en veda e cumpran co tamaño mínimo establecido.

2.6.2.2.1. Medidas de xestión das principais pesqueiras capturadas con esta arte.

Condições de acceso: as embarcacións con arqueo menor ou igual a 1,5 GT que contén coa arte do palangrillo e/ou liña ou cordel no seu permiso de explotación. (anexo I)
Excepcionalmente, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación tecnolóxica, por proposta do Oxesco, poderá autorizar temporalmente o acceso a embarcacións de arqueo superior a 1,5 GT (punto 1 do artigo 8 do Decreto 28/2009). Neste caso, estas embarcacións deberán respectar todas as medidas de xestión aplicadas as embarcacións de arqueo menor ou igual a 1,5 GT.

Arte autorizada: liña ou cordel e palangrillo.

2.6.2.2.1.1. Congro (*Conger conger*).

Tamaño mínimo: 100 cm.

Tope de capturas: non se establece.

Período de captura autorizado: todo o ano.

2.6.2.2.1.2. Peixes planos: ver táboa do apartado 2.6.2.1.1.4. Peixes planos.

2.6.2.2.1.3. Peixes de rocha: ver táboa do apartado 2.6.2.1.1.5. Peixes de rocha.

2.6.2.3. ARTE DE NASAS.

Son artes pasivas e fixas ó fondo constituídas en forma de cestos ou gaiolas de diversos materiais ríxidos ou semirríxidos que normalmente se recobren de rede. Están provistas dunha ou máis aberturas que permiten a entrada das diferentes especies ao habitáculo atraídas polo engado que se coloca no seu interior. As nasas serán largadas de forma que constitúan caceas, nas que cada nasa se une a unha tralla e esta á súa vez ao cabo madre. A súa clasificación baséase na especie obxectivo da pesqueira cara á que se dirixen.

Na época de veda das especies cara ás cales se orienta a captura principal das nasas, estas deberán ser levantadas e transportadas a terra, permanecendo almacenadas nos lugares destinados a este fin.

No caso dos crustáceos, independentemente do seu tamaño, queda prohibida a retención a bordo, transbordo, desembarco, transporte, almacenamento, venda, exposición ou comercialización das femias ovadas que deberán ser devoltas inmediatamente ao mar. Exceptuaranse da prohibición anterior as femias ovadas da cigala, o cangrexo real, o camarón e o percebe.

NASA DE NÉCORA E DE CAMARÓN: é unha nasa pechada de forma cilíndrica ou poliédrica, que posúe as seguintes dimensións máximas:

- Lonxitude máxima : 550 mm
- Altura máxima: 350 mm
- Boca de entrada (no seu diámetro maior): 160 mm. Durante a veda da nécora a boca non poderá exceder de 50mm.
- Cando estea recuberta dun material ríxido, os cadrados do entramado non terán menos de 10 mm de lado; e cando estea recuberta de rede, a malla non será inferior a 16 mm

Nº nasas por embarcación: 90 nasas.

Zona autorizada: dende o límite sur da ZEP II Boca da ría ata o areal da Magdalena cara o leste (exceptuando a zona portuaria e a Zanqueira) e polo extremo sur ata o límite norte da ZEP I-Vilarrube.

Así mesmo, poderase capturar patexo con nasa nécora e camarón tanto na zona exposta no parágrafo anterior como na zona habilitada para a captura de cangrexo como cebo no apartado de pesca de recreo (ver apartado 2.3.).

Período autorizado: depende da especie obxectivo.

Horario de uso: nocturno; dende dúas horas antes do ocaso do luns ata dúas horas despois do orto do sábado, tendo que ser levantadas e levadas a terra diariamente.

Descanso semanal: non se poderán calar nin permanecer no mar as fins de semana a partir de 2 horas despois do orto do sábado ata dúas horas antes do ocaso do luns.

NASA POLBO: é unha nasa aberta na súa superficie superior, de forma cadrada ou rectangular que posúe as seguintes dimensións máximas:

- Lonxitude: 400 mm.
- Altura ou diámetro: 350 mm.
- As mallas ou claros non serán inferiores a 20 mm de lado do cadrado.

Nº nasas por embarcación: 90 nasas.

Zona autorizada: todo o ámbito da reserva excepto a reserva integral de Esteiro, a ZEP I, a ZEP II, a zona portuaria e a Zanqueira.

Período autorizado: Coincidente co establecido pola lexislación vixente fóra do ámbito da Remip.

Horario de uso: diúrno; a actividade iniciarase ás 06.00 h e finalizará ás 16:00 h, de luns a venres, podendo quedar caladas no mar diariamente.

Enténdese por inicio da actividade o momento da saída do porto. Fóra dos horarios establecidos non se poderá realizar no mar ningún tipo de actividade coas nasa para polbo.

Descanso semanal: dende as 16:00 h do venres ata as 06:00 h do luns, podendo quedar caladas no mar durante a fin de semana.

NASA CENTOLA: é unha nasa cilíndrica ou poliédrica. Poderá ser de dous tipos: unha con armazón de varelas de ferro, madeira ou aceiro, sen envoltura de rede e outra con envoltura de rede que posúe as seguintes dimensións máximas:

- Lonxitude: 600 mm.
- Altura ou diámetro: 450 mm.
- A separación das varelas que forman a armazón será como mínimo de 55 mm.
- Cando estean recubertas con rede, a dimensión de malla mínima será de 90 mm e cando estean recubertas doutro material, o lado do cadrado dos ocos non será inferior a 50 mm.

Nº nasas por embarcación: 60 como máximo, independentemente de que vaian máis dun tripulante enrolado e a bordo na embarcación.

Zona autorizada: todo o ámbito da reserva excepto a reserva integral de Esteiro, a ZEP I, a ZEP II, a zona portuaria e a Zanqueira.

Período autorizado: coincidente co establecido pola lexislación vixente fora do ámbito da Remip.

Horario de uso: diúrno; a actividade iniciarase ás 06.00 h e finalizará ás 16:00 h, de luns a venres.

Enténdese por inicio da actividade o momento da saída do porto. Fóra dos horarios establecidos non se poderá realizar no mar ningún tipo de actividade coas nasas para centola.

Descanso semanal: dende as 16:00 h do venres ata as 06:00 h do luns, tendo que ser levantadas e levadas a terra a fin de semana, unha vez cumprido o horario de traballo do venres.

2.6.2.3.1. Medidas de xestión das principais pesqueiras capturadas con estas artes:

As medidas adoptadas inclúen tanto as de carácter técnico como biolóxico; co fin de optimizar o esforzo ó tempo que se acada unha extracción sostible do recurso. No caso de non indicarse regulación específica, enténdese que segue a norma xeral vixente.

Condições de acceso: embarcacións con arqueo menor ou igual a 1,5 GT e coa arte de nasa nécora–camarón (para captura de nécora, camarón e/ou patexo), nasa centola (para captura de centolo e centola) ou nasa polbo, (para a captura do polbo) incluída no seu permiso de explotación. (anexo I).

Excepcionalmente, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, por proposta do Oxesco, pode autorizar temporalmente o acceso a embarcacións de arqueo superior a 1,5 GT (artigo 8.1 do Decreto 28/2009). Neste caso, estas deberán respectar todas as medidas de xestión aplicadas ás embarcacións de arqueo menor ou igual a 1,5 GT.

Arte autorizada: nasa nécora –camarón, nasa de polbo ou nasa centola.

2.6.2.3.1.1. Nécora (*Necora puber*).

Tamaño mínimo: 6 cm de lonxitude do cefalotorax (LCT), sobre a liña mediana que vai dende o espazo interorbital ata o borde posterior do cefalotórax.

Tope de capturas: 8 kg por tripulante, debidamente enrolado e a bordo/día, máis 8 kg por embarcación/día.

Período de captura autorizados: coincidente co establecido pola lexislación vixente fora da Remip.

Especies accesorias:

- polbo: permítese un máximo de 8 pezas, que deberán cumprir co tamaño mínimo establecida para o ámbito da reserva e sempre que non estean en veda;
- patexo: permítese un total de 20 Kg como máximo por embarcación e día, debendo cumprir co tamaño mínimo establecida para o ámbito da reserva.

2.6.2.3.1.2. Camarón (*Palaemon serratus*).


Tamaño mínimo: 5 cm de lonxitude total, medida sobre o extremo distal do rostrum ata o extremo posterior do telson; excluindo as “setae” (LT).

Tope de capturas : coincidente co establecido fóra do ámbito da Remip.

Período de captura autorizado: do 1 ó 5 de xaneiro, do 22 de marzo ó 4 de abril e do 1 de xullo ó 31 de decembro.

Especies accesorias:

- polbo: permítese un máximo de 8 pezas, que deberán cumprir co tamaño mínimo establecido para o ámbito da reserva e sempre que non estean en veda.
- patexo: permítese un total de 20 Kg como máximo por embarcación e día, debendo cumprir co tamaño mínimo establecido para o ámbito da reserva e sempre que non estea en veda.



2.6.2.3.1.3. Patexo (*Polybius henslowii*).

Número de nasas: será coincidente co aprobado para o ano 2022 no plan de pesca de patexo da Comunidade Autónoma de Galicia. De non existir, dito plan, o número máximo de nasas que diariamente poderán ser caladas por embarcación dependerán da arte á que se adican:

- Liña e cordel: ata un máximo de 10 nasas.
- Palangrillo: ata un máximo de 20 nasas.
- Palangre de fondo: ata un máximo de 40 nasas. Na Remip non está permitido o emprego do palangre de fondo, non obstante autorízase ás embarcacións con esta arte a captura de patexo con nasa nas zonas habilitadas na Remip.

Tamaño mínimo: 3,5 cm, lonxitude do cefalotórax medida no seu eixo anteroposterior (LCT) medida sobre a liña mediana que vai dende o espazo interorbital ata o borde posterior do cefalotórax.

Tope de capturas: non se establece.

Período de captura autorizado: todo o ano.

Especies accesorias: non hai especies accesorias a esta pesqueira.

2.6.2.3.1.4. Polbo (*Octopus vulgaris*).

Tamaño mínimo: 1,5 kg.

Tope de capturas: Coincidente co establecido fóra do ámbito da Remip.

Período de captura autorizado: Coincidente co establecido fóra do ámbito da Remip.

Especies accesorias: permítese a captura do porcentaxe legal establecido no Plan experimental de Xestión do polbo (*Octopus vulgaris*) na Comunidade Autónoma, en peso vivo do total das capturas retidas a bordo, sempre que non estean en veda e cumbran co tamaño mínimo establecido.

Como especies accesorias poden aparecer fundamentalmente a nécora e o camarón.

2.6.2.3.1.5. Centola (*Maja brachydactyla*). Ver apartado 2.6.2.1.1.1.

6.3.3. Calendario de uso das artes de pesca permitidas.

ARTE	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XULL	AGOS	SET	OUT	NOV	DEC
NASA NECORA-	*			**								
NASA POLBO												
PALANGRILLO												
LIÑA OU CORDEL												
TRASMALLOS												
MEDIOMUNDO												

* : permitida a captura de nécora e camarón do 1 ó 5 de xaneiro.

** : permitida a captura de camarón do 4 ao 17 de abril.


	Período de pesca permitido
	Período de pesca permitido: coincidente có establecido para Galicia



2.6.4. Resumo medidas de xestión para os recursos pesqueiros na Remip.

ESPECIE	Período autorizado de extracción	Topes de captura	Talla mínima	
NECORA (<i>Necora puber</i>)	Coincidente có establecido para toda Galicia	8Kg /tripulante/día máis 8Kg por embarcación	6 cm*	
CENTOLA (<i>Maja brachydactyla</i>)	Coincidente có establecido para toda Galicia	35Kg /tripulante/día máis 35Kg por embarcación	14 cm*	
CAMARÓN (<i>Palaemon serratus</i>)	1 ao 5 de xaneiro, do 22 de marzo ao 4 de abril e do 1 de xullo ao 31 de decembro	Sen topes	5 cm	
POLBO (<i>Octopus vulgaris</i>)	Coincidente có establecido para toda Galicia	Coincidente có establecido para toda Galicia	1,5 Kg*	
XIBA (<i>Sepia officinalis</i>)	Desde xaneiro ata maio e decembro	Sen topes	12 cm*	
RODABALLO (<i>Scophthalmus maximus</i>)	Todo o ano	Sen topes	30 cm	
LINGUADO (<i>Solea spp.</i>)	Todo o ano	Sen topes	24 cm	
ACEDIA (<i>Dicologlossa cuneata</i>)	Todo o ano	Sen topes	20 cm	
SOLLA (<i>Patichthys flesus</i>)	Todo o ano	Sen topes	25 cm	
SOLLO (<i>Scophthalmus rhombus</i>)	Todo o ano	Sen topes	30 cm	
ROBALIZA (<i>Dicentrarchus labrax</i>)	Todo o ano	Sen topes	36 cm	42 cm pesca deportiva
MARAGOTA (<i>Labrus bergylta</i>)	Todo o ano	Sen topes	22 cm*	
SARGO (<i>Diplodus sargus</i>)	Todo o ano	Sen topes	22 cm	
ESCARAPOTE (<i>Scopaena scrofa</i>)	Todo o ano	Sen topes	18 cm	
CABRACHO (<i>Scorpaena spp.</i>)	Todo o ano	Sen topes	18 cm	
RAIA (<i>Raja spp.</i>)	Todo o ano	Sen topes	50cm*	(Regulamento CE núm. 2406/1996) para comercialización enteira ou eviscerada sen ás: 300gr; so as ás: 500gr
RAIA MOSAICO (<i>Raja undulata</i>)	Todo o ano	Sen topes	70 cm*	
PATEXO (<i>Polybius henslowii</i>)	Todo o ano	Sen topes	3,5 cm	
CONGRIO (<i>Conger conger</i>)	Todo o ano	Sen topes	100 cm*	
ESP ACC. Polbo (<i>Octopus vulgaris</i>)	Todo o ano a excepción da veda	Polbo: permítense un máximo de 8 pezas, que deberán cumprir co tamaño mínimo establecida para o ámbito da reserva e sempre que non estean en veda; patexo: permítense un total de 20 Kg como máximo por embarcación e día, debendo cumprir co tamaño mínimo establecida para o ámbito da reserva.	1,5kg	
ESP ACC. Nec-Cam (<i>Necora puber</i>) (<i>Palaemon serratus</i>)	Todo o ano a excepción da veda	No caso da nécora, non se poderá superar o % do peso das capturas totais autorizadas para cada embarcación e día como especie accesoria establecido no Plan para a xestión do polbo (<i>Octopus vulgaris</i>) con nasa que esté vixente	Nécora 6 cm Camarón 5 cm	

* tallas superiores e condicións máis restritivas ás establecidas pola normativa vixente.



2.7. Regulación da flota: o censo de titulares habilitados para o exercicio da actividade no ámbito da REMIP.

O Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira", establece no seu artigo 8 que para levar a cabo todas e cada unha das diferentes actividades pesqueiras e marisqueiras que se practican no ámbito da Remip, os titulares dos diferentes permisos que habilitan para tal fin, teñen que estar inscritos nun censo específico.

Este censo poderase actualizar seguindo o procedemento descrito nos puntos 1 e 2 do artigo 3 da Orde do 18 de agosto de 2010, pola que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira"; e terase en conta como criterio de selección, ademais da pertenza a portos base máis próximos ao ámbito xeográfico da reserva mariña, no caso de embarcacións, a habitualidade e as capturas realizadas no ámbito da mesma dos titulares que xa estivesen incluídos, de conformidade có disposto no artigo 9 do Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro.

O lento proceso de actualización do censo fai que se produza un estancamento tanto de funcionalidade na área mariña como de axilidade da estrutura administrativa xa que, no caso de embarcacións con porto base en Cedeira que se incorporen ós plans de recursos específicos e/ou persoas que se incorporen ao plan de marisqueo, así como aquelas embarcacións de máis de 1,5 GT que sexan autorizadas para a pesca do patexo e aquelas embarcacións que tendo porto base no ámbito territorial da Remip "Ría de Cedeira" e cumpran os requisitos para faenar dentro da mesma, non poderán realizar a actividade dentro da reserva mariña ata que a actualización de dito censo se faga efectiva.

Dado que no PXI se recolle as incorporacións autorizadas para cada ano, os anexos de dito plan actualizaranse ano tras ano incluíndo as anteditas incorporacións. No caso dos recursos específicos e o marisqueo a pé, a incorporación realizarase trala publicación da resolución da Xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña, polo que se fai pública a relación dos seleccionados para a obtención do permiso de explotación na modalidade que corresponda.

No anexo I deste documento achégase a información relativa ás modalidades de pesca coas que están autorizadas a faenar dentro da Remip cada embarcación.

3. O SEGUIMIENTO, CONTROL E VIXILANCIA.

3.1. O seguimento científico.

O seguimento científico é fundamental para avaliar o estado dos recursos e dos medios físicos e biolóxicos que o sustentan, así como a incidencia e interaccións con eles das actividades que se realizan no obxecto de estudo. Deste xeito, podemos dicir que o seguimento científico é unha parte fundamental da caracterización dunha Remip en todas as súas fases: deseño, creación e conservación ou mantemento. Deste modo, pódense reorientar as actividades e mellorar as propostas de actuación.

Inicialmente, no período comprendido entre o 2007 e o 2010 (ambos incluídos), contouse cun equipo técnico da empresa Fismare S.L., empresa spin-off do grupo de Recursos Mariños da UDC, que traballou en colaboración coa coordinación da Remip "Ría de Cedeira".

Posteriormente, no ano 2011 tomou o relevo o Centro de Investigacións Mariñas (Cima) dependente da Consellería do Medio Rural e do Mar.

A Orde do 18 de agosto de 2010 pola que se regula o uso e xestión da Remip “Ría de Cedeira” establece, no punto 1 do artigo 8 que será a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a encargada de elaborar un programa de seguimento científico da reserva mariña, coa finalidade de coñecer a súa evolución e os resultados obtidos.

Desde o ano 2011 ata a actualidade, a asistencia técnica xunto cos gardapescas da confraría son os responsables do seguimento, xunto coas observacións realizadas polos técnicos da Consellería do Mar, realizando unha serie de medicións ou análises (sobre todo no que a monitorización pesqueira e marisqueira se refire) e seguindo os protocolos de actuación que a continuación se describen:

A) Monitorización pesqueira:

1. Rexistro da actividade das embarcacións que operan dentro da reserva: esporadicamente se recollen unha serie de datos sobre a actividade pesqueira de cada embarcación que faena dentro da reserva. Os datos recollidos son:

- Embarcación: nome, características técnicas, nº de tripulantes.
- Artes: arte empregada, nº de lances, nº de panos ou nasas por lance, lonxitude dos panos do lance...
- Capturas: especies, peso....

2. Estudio da estrutura de talla das principais especies obxectivo da reserva. Esporadicamente, na lonxa de Cedeira, mídense, pésanse e sé é o caso séxanse todos os individuos comerciais das especies capturadas polas embarcacións que faenan dentro da reserva.

3. Durante o período de vixencia do plan, técnicos da Consellería poderán realizar en calquera das embarcacións participantes mostraxes para control, seguimento e avaliación do plan; os armadores deben colaborar de tal forma que se permita acadar os obxectivos propostos. A falta de colaboración ocasionará a baixa definitiva do plan e por ende do censo específico da Remip.

B) Monitorización marisqueira:

1. Avaliación dos bancos marisqueiros antes e despois de cada campaña de extracción. Ao comezo e ao remate das campañas de extracción dos diferentes recursos explotados dos bancos marisqueiros da reserva, a asistencia técnica realiza unha mostraxe de avaliación da situación dos bancos. Dependendo do areal do que se trate, ben mediante transectos ou ben con calicatas distribuídas ó longo do banco, recóllense exemplares das diferentes especies existentes obxecto que son medidos e pesados.

2. Estudio da estrutura de tallas das especies presentes nos bancos marisqueiros: mensualmente e de forma diaria segun a especie explotada se realizan medidas de talla dos individuos comerciais recollidos polas mariscadoras para a súa comercialización.

C) Informes técnicos:

Elabóranse informes técnicos cós resultados obtidos da análise da información recompilada previamente, incluíndo neles suxestións sobre melloras e recomendacións para un bo funcionamento da reserva mariña.

Cada informe leva os seguintes epígrafes:

a) Monitorización pesqueira:

- Evolución das capturas da frota que opera dentro da reserva.
- Análise das principais especies explotadas na reserva.
- Análise da estrutura de tallas das especies.

b) Monitorización marisqueira:

- Evolución dos recursos extraídos dos bancos marisqueiros.
- Análise da estrutura de tallas das especies.
- Avaliación dos bancos marisqueiros entre campañas de extracción.

Os informes son remitidos ao Oxesco da reserva mariña para axudar a avaliar o estado das diferentes pesqueiras da reserva e o propio “efecto reserva” cá presenza de tamaños maiores dos individuos ou o aumento da biomasa de stocks explotados.

O seguimento dun protocolo de actuación adecuado permitirá a avaliación continua de todos os parámetros que interveñen na xestión sostible da reserva mariña “Ría de Cedeira”.

No **anexo VIII** amósanse as gráficas máis relevantes das principais pesqueiras do ámbito territorial da Remip “Ría de Cedeira” que á súa vez son base do propio PXI.

A confraría de pescadores de Cedeira colabora co departamento de Recursos Mariños e Pesqueiras da UDC e có CIMA na realización de diferentes estudos científicos tanto na Remip como nos límites da mesma co fin de observar o “efecto reserva”.

3.2. As medidas de control na reserva.

3.2.1. O CONTROL DAS ENTRADAS E SAIDAS.

Aínda que a maioría das actividades profesionais permitidas na reserva realízanse exclusivamente, para unha mesma xornada de traballo, dentro dos seus límites, existen algunhas como a recollida de percebe, anémona e ourizo, ao igual que a pesca recreativa, que poden alternar a extracción de recursos en zonas dentro e fóra dos límites da reserva nunha mesma xornada.

Por esta razón, e para ter constancia do esforzo pesqueiro real que se está a exercer dentro da reserva, establécese un protocolo de control de entrada e saída da reserva para estas embarcacións.

Para facilitar as labores do seguimento científico e o control da actividade pesqueira, os armadores das embarcacións que se dispoñan a entrar ou saír do ámbito da reserva mariña, teñen que comunicar (por VHF, por teléfono ou en persoa) na lonxa de Cedeira ou o servizo de vixilancia da confraría a actividade realizada e facilitarlles os seguintes datos:

- Nome da embarcación.
- Hora de entrada e saída.
- De ser o caso, capturas efectuadas ata ese momento.
- De ser o caso, número de artes que deixan caladas e posición destas.

Ademais realizarase un control aleatorio por parte dos gardapescas da confraría para comprobar que as embarcacións que traballan na reserva cumpren coa normativa do PXI.

3.2.2. O CONTROL DAS DESCARGAS.

O elemento clave do seguimento dos desembarques é a existencia dun punto de control para a recompilación dos datos reais sobre o estado dos diferentes recursos, ao tempo que se verifica o cumprimento das medidas de xestión vixentes na reserva, tanto as establecidas polo PXI como, na súa ausencia, as marcadas polas normas xerais: control de tallas, pesos, topes establecidos, descartes, exemplares ovados, etc.

O punto de control tamén é fundamental para o traballo do persoal asignado ao seguimento científico á hora de obter datos da actividade pesqueira dentro da reserva (número de caceas e lances, zonas de largado, tallas, pesos...).

Toda a información, unha vez recompilada e analizada, servirá de base aos informes técnicos, e permitirá coñecer e valorar a eficacia das medidas de ordenación e xestión, propoñer modificacións ou a aplicación de novas normas á hora de acadar unha maior sustentabilidade da actividade extractiva e a recuperación dos recursos pesqueiros e marisqueiros.

NOTA: nos informes do seguimento científico non figurará información de xeito nominal, polo que non se incluírán nomes nin de embarcacións nin de mariscadoras.

3.2.3. O PROTOCOLO DO PUNTO DE CONTROL.

Como parte fundamental do funcionamento da Remip “Ría de Cedeira”, é obrigatorio que todas as capturas realizadas dentro dos seus límites sexan declaradas no momento da súa descarga, independentemente do lugar onde se vaia realizar a súa venda. Para isto, establécense varios puntos de control das descargas:


1. A Casa do Pescador de Cedeira: punto de control para o berberecho, longueirón vello e ostra xaponesa extraído da praia da Magdalena.
2. A caseta sita na praia de Vilarrube: punto de control da cadelucha extraída na praia de Vilarrube e o berberecho, ameixa fina, ameixa babosa e bígaro extraído na Ensenada.
3. O Alfunil e O Cubilote: punto de control para o berberecho, ameixa fina, ameixa babosa e bígaro extraído da Enseada de Esteiro e Pantin.
4. Nas zonas de extracción de recursos específicos coa especialidade de mergullo mediante o uso de embarcación.
5. A lonxa e o peirao de Cedeira: punto de control para o resto de pesqueiras da reserva.

Nestes puntos tanto o persoal encargado do control e vixilancia dos bancos marisqueiros como a persoa encargada do seguimento científico, comprobán os topes, as tallas, o peso, nº de exemplares... có fin de acadar un rexistro diario fiable da produtividade do espazo protexido.

Ademais do exposto anteriormente, todas as embarcacións do censo estarán sometidas a controis esporádicos e aleatorios no mar, tanto por parte do servizo de vixilancia da reserva como pola subdirección xeral de Gardacostas de Galicia.

3.3. A vixilancia na reserva: dotación e funcións.

A vixilancia da reserva finánciase a través das ordes de axudas destinadas para o control e protección dos recursos e dos hábitats costeiros.



O equipo de vixilancia da Remip “Ría de Cedeira”, na actualidade, está formado por tres gardapesca (organizados en quendas diúrnas e nocturnas) e durante o ano 2022 vaiase contratar outro gardapesca e un patrón de embarcación. As súas funcións non se limitan en exclusiva ao ámbito da Remip senón que tamén coa vixilancia do resto do ámbito da confraría.

Para levar a cabo o seu traballo contan cunha lancha de vixilancia cedida á confraría de Cedeira pola Consellería do Mar e un vehículo.

O equipo de vixilancia ten encomendadas as seguintes funcións:

- Verificar, no punto de control, as capturas das embarcacións profesionais e mariscadoras que traballan dentro da reserva.
- Controlar o furtivismo, establecendo un estrito orden de prioridades atendendo á necesidade dunha maior protección das zonas máis accesibles.
- Realizar controis aleatorios no mar ás diferentes embarcacións tanto profesionais como recreativas.
- Colaborar coa subdirección xeral de Gardacostas de Galicia e os corpos e forzas de seguridade da Comunidade Autónoma e do Estado, en calidade de axentes auxiliares da autoridade, así como utilizar os dispositivos de alarma establecidos.
- Ter unha comunicación fluída co persoal e a subdirección xeral de Gardacostas de Galicia e coa unidade operativa de Celeiro responsable da zona de traballo dos socios da confraría.
- Intervir, de acordo á lexislación vixente, nos casos de sinistros e accidentes en xeral no mar. E, de igual xeito, dar aviso da aparición de verteduras que poidan representar un risco para o medio mariño.

ANEXO I

					ARTES PERMITIDAS DENTRO DA REMIP		
	PORTO BASE	EMBARCACIÓN	MATRICULA	FOLIO	ANZOL	ENMALLE	NASAS
1	CEDEIRA	A TRAIORA	FE-4	2-12	PALANGRILLO	TRASMALLO	NECORA - CAMARON
2	CEDEIRA	CANOURA	FE-4	2/02	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		NASA POLBO NECORA-
3	CEDEIRA	ANGEL	FE-4	1-96	LIÑA-CORDEL		
4	CEDEIRA	ANTONIO	FE-3	1871	PALANGRILLO	TRASMALLO	NASA POLBO
5	CEDEIRA	ANXO MARIA	FE-4	16/01	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		NECORA-CAMARON
6	CEDEIRA	BUEN VIAJE	CO-4	1287	PALANGRILLO		NASA POLBO NECORA-
7	CEDEIRA	CAJALLO	FE-4	1-01	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		NASA POLBO
8	CEDEIRA	CANDIDA AV	FE-4	3-03	LIÑA-CORDEL		NECORA-CAMARON
9	CEDEIRA	FANXE	FE-3	1953		TRASMALLO	NECORA-CAMARON
10	CEDEIRA	O FREDY	FE-5	1-15	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		NECORA-CAMARON
11	CEDEIRA	JESUSYJAVIERIII	FE-3	1632	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		
12	CEDEIRA	HORA BUENA	VI-4	5553	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		NASA CENTOLA
13	CEDEIRA	ILLA GABEIRA	FE-4	14-01	PALANGRILLO		NASA POLBO NECORA-
14	CEDEIRA	IRENE	CO-2	3397	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		NASA POLBO NECORA-
15	CEDEIRA	JESUSA	FE-3	1624	LIÑA-CORDEL	MEDIOMUNDO	NECORA-CAMARON
16	CEDEIRA	IKER	FE-5	1-12	PALANGRILLO		NECORA-CAMARON
17	CEDEIRA	LUCITA	FE-3	1542	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		NASA POLBO
18	CEDEIRA	MARICHELO	FE-3	1943	LIÑA-CORDEL		
19	CEDEIRA	MARICHELO	FE-3	1889		TRASMALLO	NECORA-CAMARON
20	CEDEIRA	O ALTAR	FE-4	1-13	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		NECORA-CAMARON
21	CEDEIRA	O CANOURA	FE-5	1-16	PALANGRILLO NASA POLBO		NASA CENTOLA
22	CEDEIRA	O GUERRERO	VI-3	1922	LIÑA-CORDEL		NECORA-CAMARON
23	CEDEIRA	PALOMA	VILL-3	3/99	PALANGRILLO		NECORA-CAMARON
24	CEDEIRA	PERELLO	FE-4	13-01	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		
25	CEDEIRA	PLUS ULTRA	VILL-2	2838	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		NECORA-CAMARON
26	CEDEIRA	SEGAÑO UNO	FE-4	1-02	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		NECORA-CAMARON
27	CEDEIRA	SUSANA	CO-4	1556	PALANGRILLO		
28	CEDEIRA	MANOLITO	3ª-VI-2	2255		TRASMALLO	NECORA-CAMARON

Relación de embarcacións con arqueo igual ou inferior a 1,5 GT incluídas no censo de embarcacións da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira.

ANEXO II

Relación de mariscadoras/es a pé incluídas no censo da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira.

	APELIDOS E NOME	Nº DNI	Nº PERMISO
1	ALONSO BUSTABAD M ^a DEL PILAR	***1231**	15 C11 99906 Z8
2	ALONSO BUSTABAD M ^o DEL CARMEN	***1231**	15 C11 00285 Z8
3	BELLON COSTA , SUSANA	***1885**	15 C11 00278 Z8
4	LÓPEZ BELLÓN , M ^a MAGDALENA	***2903**	15 C11 00283 Z8
5	LÓPEZ BELLÓN , M ^a PILAR	***2903**	15 C11 00267 Z8
6	LÓPEZ RODRÍGUEZ, JOSE MANUEL	***0972**	15 C11 00288 Z8
7	MARTÍNEZ BUSTABAD , SANDRA M ^a	***1390**	15 C11 00277 Z8
8	MIMBRERO RODRÍGUEZ, FRANCISCO	***1391**	15 C11 00294 Z8
9	PÉREZ PÉREZ , M ^a DEL CARMEN	***0766**	15 C11 00064 Z8
10	PÉREZ SÁNCHEZ , M ^a LUISA	***6309**	15 C11 00284 Z8
11	PICOS RODRÍGUEZ, M ^a THAIS	***0463**	15 C11 00289 Z8
12	PITA FONTICOBA, JOSE ANGEL	***1396**	15 C11 00293 Z8
13	PRADOS VILELA , M ^a TERESA	***4703**	15 C11 00020 Z8
14	RAMOS GARCÍA M ^o DEL CARMEN	***0818**	15 C11 00287 Z8
15	RAMOS RODRÍGUEZ RAQUEL	***9561**	15 C11 00279 Z8
16	RODRIGUEZ CHEDA , M ^a ELENA	***0456**	15 C11 00280 Z8
17	SANTALLA PRADOS , VERÓNICA	***9346**	15 C11 00281 Z8
18	SEDES GONZÁLEZ, LEANDRO	***1131**	15 C11 00292 Z8

ANEXO III

Relación de embarcacións incluídas no censo de embarcacións da reserva mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira”, habilitadas para a captura de percebe.

	PORTO BASE	EMBARCACIÓN	MATRICULA	FOLIO	HABILITACIÓNS
1	CEDEIRA	A TRAI DORA	FE-4	2-12	2
2	CEDEIRA	CANOURA	FE-4	2/02	2
3	CEDEIRA	ANGEL	FE-4	1-96	2
4	CEDEIRA	ANTONIO	FE-3	1871	1
5	CEDEIRA	ANXO MARIA	FE-4	16/01	2
6	CEDEIRA	BUEN VIAJE	CO-4	1287	1
7	CEDEIRA	CAJALLO	FE-4	1-01	2
8	CEDEIRA	CANDIDA AV	FE-4	3-03	3
9	CEDEIRA	FANXE	FE-3	1953	1
10	CEDEIRA	FALCOEIRA	FE-4	10-05	3
11	CEDEIRA	FOLELLO	FE-4	20/05	2
12	CEDEIRA	JESUS Y JAVIER III	FE-3	1632	1
13	CEDEIRA	GIL BALTAR	FE-4	3-91	2
14	CEDEIRA	HORA BUENA	VI-4	5553	1
15	CEDEIRA	IKER	FE-5	1-12	2
16	CEDEIRA	ILLA GABEIRA	FE-4	14-01	2
17	CEDEIRA	IRENE	CO-2	3397	3
18	CEDEIRA	JESUSA	FE-3	1624	2
19	CEDEIRA	LEISON	FE-4	2-03	2
20	CEDEIRA	MASCATO UN	FE-4	9-05	2
21	CEDEIRA	NUEVA CEDEIRA	FE-3	3-91	2
22	CEDEIRA	NUEVO JUANA	FE-4	1-00	2
23	CEDEIRA	NUEVO NOY	FE-4	06-00	2
24	CEDEIRA	O ALTAR	FE-4	1-13	2
25	CEDEIRA	O CANOURA	FE-5	1-16	3
26	CEDEIRA	O FREDY	FE-5	1-15	1
27	CEDEIRA	O GUERRERO	VI-3	1922	1
28	CEDEIRA	O MEIXON	CO-1	1-09	1
29	CEDEIRA	PALOMA	VILL-3	3/99	2
30	CEDEIRA	PERELLO	FE-4	13-01	2
31	CEDEIRA	PLAYA DE SONREIRA	FE-4	2/07	2
32	CEDEIRA	PLUS ULTRA	VILL-2	2838	3
33	CEDEIRA	SEGAÑO UNO	FE-4	1-02	2
34	CEDEIRA	SUSANA	CO-4	1556	2

ANEXO IV

Relación de embarcacións incluídas no censo de embarcacións da reserva mariña de interese pesqueiro “ Ría de Cedeira “, habilitadas para a captura de patexo.

	PORTO BASE	EMBARCACIÓN	MATRICULA	FOLIO	ARTE
1	CEDEIRA	CHIRLATEIRA	FE-3	2-94	PALANGRILLO
2	CEDEIRA	FALCOEIRA	FE-4	10-05	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO
3	CEDEIRA	FOLELLO	FE-4	20/05	PALANGRILLO
4	CEDEIRA	GIL BALTAR	FE-4	3-91	PALANGRILLO
5	CEDEIRA	LEISON	FE-4	2-03	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO
6	CEDEIRA	LUCERO UNO	FE-4	3-/04	PALANGRILLO
7	CEDEIRA	MASCATO UN	FE-4	9-05	PALANGRILLO
8	CEDEIRA	NUEVA CEDEIRA	FE-3	3-91	PALANGRILLO
9	CEDEIRA	NUEVO JUANA	FE-4	1-00	PALANGRILLO
10	CEDEIRA	NUEVO MADRE DOLORES	GI-8	1--08	PALANGRE DE FONDO
11	CEDEIRA	NUEVO NOY	FE-4	06-00	PALANGRILLO
12	CEDEIRA	O JOSE RAMON	FE-4	21-05	PALANGRILLO
13	CEDEIRA	O MEIXON	CO-1	1--09	PALANGRILLO
14	CEDEIRA	PEDRA DO PEIXE	FE-4	1/07	PALANGRILLO
15	CEDEIRA	PLAYA DE SONREIRA	FE-4	2/07	PALANGRILLO
16	CEDEIRA	SEGUNDA BELEN	FE-3	2-99	PALANGRILLO
17	CEDEIRA	SEIXO BRANCO PRIMEIRO	CO-2	5-02	LIÑA-CORDEL
18	CEDEIRA	SIELAN	FE-4	4-12	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO

ANEXO V



**REUNIÓN INFORMATIVA PLANS DE
EXPLOTACIÓN RECURSOS
ESPECÍFICOS**

INFÓRMASE A TÓDOLOS ARMADORES
DA ASAMBLEA XERAL O PRÓXIMO
XOVES, DÍA 23 DE SETEMBRO ÁS
16:30 HORAS NA SALA DE XUNTAS DA
CASA DO PESCADOR.

PARA TRATAR O SEGUINTE PUNTO:

- Información sobre a presentación dos plans de explotación de recursos específicos (percebe, ourizo, anémona e longueirón) para 2022-2024.

O que se fai público para xeral coñecemento,
Cedeira, 22 de setembro de 2021

Asdo/ Asistencia técnica
Iria Freire Pérez



ANEXO VI



**Confraría de Pescadores
Cedeira**

C.I.F.: G - 15 029 192
Tel. 981 480 389 • Fax 981 482 179
confrariacedeira@confrariacedeira.es
www.confrariacedeira.es
Camíño da Area Longa, nº 1
Cedeira, C.P. 15350 A Coruña

ELABORACIÓN PXI 2022 REMIP RÍA DE CEDEIRA

POR MEDIO DA PRESENTE CONVOCAMOS UNHA SERIE DE REUNIÓN POR SECTORES CÓ FIN DE ESTABLECER AS MEDIDAS DE XESTIÓN DAS DIFERENTES PESQUERÍAS QUE COMPLETARÁN O PXI 2022 QUE SERÁ PRESENTADO PERANTE O ÓRGANO DE XESTIÓN DA RMIP "RÍA DE CEDEIRA" NA PRÓXIMA CONVOCATORIA.

AS CONVOCATORIAS TERÁN LUGAR NA SALA DE XUNTAS DA CASA DO PESCADOR NAS DATAS SEGUINTE:

LUNS 27 DE SETEMBRO:

A REUNIÓN DAS EMBARCACIÓNS CON ARQUEO INFERIOR A 1.5GT TERÁ LUGAR O LUNS 27 DE SETEMBRO ÁS 17:30 HORAS.

A REUNIÓN DAS EMBARCACIÓNS DE RECURSOS ESPECÍFICOS TERÁ LUGAR O LUNS 27 DE SETEMBRO ÁS 17:30 HORAS.

A REUNIÓN DAS EMBARCACIÓNS CON ARQUEO SUPERIOR A 1.5GT TERÁ LUGAR O LUNS 27 DE SETEMBRO ÁS 18:00 HORAS.

O que se fai público para xeral coñecemento

Cedeira, 24 de Setembro de 2021

A Asistencia Técnica

Asdo// Iria Freire Pérez



ANEXO VII



**Confraría de Pescadores
Cedeira**

C.I.F.: G - 15 029 192
Tel. 981 480 389 • Fax 981 482 179
confrariacedeira@confrariacedeira.es
www.confrariacedeira.es
Camiño da Area Longa, nº 1
Cedeira, C.P. 15350 A Coruña

Dº Ricardo Villar Martínez, Patrón Maior da Confraría de Pescadores de Cedeira

Declara:

Que as reunións mantidas cos diferentes sectores productivos cuíñas actividades se desenvolven habitualmente dentro da Remip "Ría de Cedeira" coa finalidade de elaborar a proposta inicial da Confraría de Plan de Xestión Integral para o ano 2.022 foron realizadas nas datas que de seguido se indican:

27/09/2021: reunión da Asamblea Xeral de Percebeiros, Ourizo, Longueirón e Anémona da Confraría de Cedeira có fin de elaborar e aprobar a proposta da parte correspondente ós recursos específico do PXI para o ano 2021.....

27/09/2021: reunión das embarcacións con arqueo menor ou igual e superior a 1.5 Gt en diferentes horarios segundo a artes empregadas.....

E para que conste e surta os efectos oportunos ante a Consellería do Mar, dando cumprimento ó punto 1.2.1. de elaboración, tramitación e aprobación do Plan de Xestión da Remip asino a presente en Cedeira a vintenove de setembro de dous mil vinteún.....

Vº e Pº
O Patrón Maior
Asdo: Ricardo Villar Martínez

Firmado por 76417191J
RICARDO VILLAR (R:
G15029192) el día
28/09/2021 con un
certificado emitido por